

H:\RCOD\2020\Carreteras\Supervisión\(David_2019)\Acondicionamento AC-110 En A Gantia (Somozas)\00_Portada.dwg

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
Axencia Galega de Infraestruturas
Área de Planificación e Proxectos

axencia galega de infraestruturas

CLAVE	TIPO DE ESTUDIO
AC/19/003.10	PROXECTO DE CONSTRUCIÓN

TITULO

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

DESIGNACION	ESTRADA
AC-110	AC-110 AS FELGOSAS (AC-862) - ESPIÑAREDO (AC-861)

PUNTOS QUILOMETRICOS	TREITO
11+500 - 11+700	0+000-18+550 INT AC-862 EN AS FELGOSAS INT AC-861

PROVINCIA	REDE
A CORUÑA	PRIMARIA COMPLEMENTARIA

DOCUMENTOS

TOMO UNICO

MEMORIA, PLANOS, PREGO P.T.P. E PRESUPOSTO

ENXEÑEIRO DIRECTOR DO PROXECTO

FELIPE DE LA VEGA GÁNDARAS

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

PABLO BLANCO FERREIRO

PBL sen IVE	DATA
333.035,75 €	XULLO 2019

PBL	EXEMPLAR
402.973,26 €	1

CONSULTOR

ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

ÍNDICE DO PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº0: CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO
ANEXO Nº1: ANTECEDENTES.
ANEXO Nº2: CARTOGRAFÍA, TOPOGRAFÍA E REPLANTEO
ANEXO Nº3: XEOLOXÍA E XEOTECNIA
ANEXO Nº4: EFECTOS SÍSMICOS
ANEXO Nº5: CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
ANEXO Nº6: PLANEAMENTO URBANÍSTICO
ANEXO Nº7: TRÁFICO
ANEXO Nº8: TRAZADO
ANEXO Nº9: MOVEMENTO DE TERRAS
ANEXO Nº10: FIRMES E PAVIMENTOS
ANEXO Nº11: DRENAXE
ANEXO Nº12: CÁLCULOS LUMÍNICOS
ANEXO Nº13: ESTRUTURAS
ANEXO Nº14: SOLUCIÓNS AO TRÁFICO
ANEXO Nº15: SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
ANEXO Nº16: ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
ANEXO Nº17: XESTIÓN DE RESIDUOS
ANEXO Nº18: SEGURIDADE E SAÚDE
ANEXO Nº19: COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
ANEXO Nº20: EXPROPIACIÓNS
ANEXO Nº21: SERVIZOS AFECTADOS
ANEXO Nº22: PLAN DE OBRA
ANEXO Nº23: CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
ANEXO Nº24: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº25: PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN
ANEXO Nº26: REVISIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº27: VALORACIÓN DE ENSAIOS
ANEXO Nº28: SEGURIDADE VIARIA

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

ÍNDICE DE PLANOS

1. Situación e emprazamento
2. Estado actual
3. Planta xeral
4. Seccións tipo
5. Perfís lonxitudinais
6. Perfís transversais
7. Planta de replanteo
8. Planta de demolicións
9. Sinalización, balizamento e defensas
   9.1 Planta sinalización vertical
   9.2 Planta sinalización horizontal
   9.3 Detalles
10. Drenaxe
   10.1 Planta
   10.2 Perfís
   10.3 Detalles
11. Planta de alumeado
12. Planta de telecomunicacións
13. Estruturas

DOCUMENTO Nº 3. PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4. PRESUPOSTO

MEDICIÓNS
- Medicións auxiliares
- Medicións xerais

CADROS DE PREZOS
- Cadro de Prezos Nº 1
- Cadro de Prezos Nº 2

PRESUPOSTOS PARCIAIS

PRESUPOSTO XERAL

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS 1
2. OBXECTO DO PROXECTO 1
3. XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA 1
4. DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL 2
5. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA 3
6. XEOLOXÍA E XEOTECNIA 3
7. EFECTOS SÍSMICOS 3
8. PLANEAMENTO URBANÍSTICO 3
9. TRÁFICO 3
10. TRAZADO 4
11. MOVEMENTO DE TERRAS 4
12. FIRMES E PAVIMENTOS 4
13. DRENAXE 4
14. ESTRUTURAS 4
15. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO 5
16. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA 5
17. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA 5
18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS 5
19. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE 5
20. EXPROPIACIÓNS 5
21. REPOSICIÓN DE SERVIZOS 5
22. PLAN DE OBRA 5
23. PRAZO DE EXECUCIÓN 6
24. CONTROL DE CALIDADE 6
25. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS 6
26. PRESUPOSTO 6
27. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA 6
28. REVISIÓN DE PREZOS 6
29. PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES 6
30. PRAZO DE GARANTÍA 6
31. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO 7
32. CUMPRIMENTO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO 7
33. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE 7
34. CONCLUSIÓN 7

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

M E M O R I A

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1 Antecedentes técnicos

A Axencia Galega de Infraestruturas ven de detectar a necesidade de redactar o proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110", dado que non conta actualmente cos medios técnicos e humanos para levar a cabo esta actuación considera necesaria a realización dun contrato de servizos que teña á mesma por obxecto.

1.2 Antecedentes administrativos

Con data do 15 de marzo de 2019 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A:

- Obxecto: Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas".
- Clave: AC/19/003.10
- Programa: Acondicionamento de Trazado
- Subprograma: 3.1 Acondicionamento de trazado á rede estruturante
- Órgano: Axencia Galega de Infraestruturas

Os traballos a realizar consisten na redacción do proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas", tendo en conta toda a normativa técnica en materia de estradas que lle sexa de aplicación.

2. OBXECTO DO PROXECTO

O proxecto ten como finalidade o acondicionamento puntual do trazado da estrada AC-110, de maneira que se facilite a circulación dos transportes especiais que transitan por esta estrada, en especial, para aqueles que transportan as pas dos aeroxeneradores eólicos que se prevén construír na zona.

3. XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

A solución adoptada baséase no acondicionamento das dúas curvas consecutivas na entorna dos pp.qq 11+500 – 11+700 da estrada autonómica AC-110, modificando puntualmente o seu trazado e mellorando desta maneira a seguridade viaria e a circulación tanto do tráfico xeral, como en concreto, a circulación dos transportes especiais que transitan a diario por esta estrada.

4. DESCRICIÓN DO ESTADO ACTUAL

Na actualidade, o trazado da estrada AC-110 no treito de proxecto impide o transito normal dos transportes especiais que circulan por esta estrada, debido ós escasos radios de curvatura que teñen as dúas curvas consecutivas, existentes neste punto. Estas curvas atópanse entre os pp.qq 11+500 e 11+700.

P.Q. 11+500:

Imaxe: Catálogo Visual de Estrada – Xunta de Galicia

Imaxe: inspección visual realizada

P.Q. 11+620:

Imaxe: Catálogo Visual de Estrada – Xunta de Galicia

Imaxe: inspección visual realizada

P.Q. 11+700:

Imaxe: Catálogo Visual de Estrada – Xunta de Galicia

Imaxe: inspección visual realizada

5. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía empregada inicialmente correspóndese coa facilitada pola Xunta de Galicia a escala 1:5000. Adicionalmente levouse a cabo un levantamento topográfico para a correcta definición da situación actual da estrada

O sistema de referencia topográfico empregado é o ETRS89.

No *Anexo nº2. Cartografía, Topografía e Replanteo* faise cumprida descrición dos traballos cartográficos realizados, relacionándose os procedementos topográficos para a situación das bases de replanteo e o cálculo das poligonais, que permitiron replantear os puntos do eixe, e tomar os datos de campo necesarios para a correcta definición do Proxecto.

6. XEOLOXÍA E XEOTECNIA

A estrada encadra se nas zonas denominadas como Zona IV "Galicia Media Tras Os Montes". Segundo o Mapa Xeolóxico de España, editado polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España, a estrada participa de características litolóxicas e estruturais moi diferentes, como son o Dominio do "Ollo de Sapo" e o Dominio da "Serie de Órdenes."

As canteiras máis próximas a estrada sitúanse nas localidades de As Somozas e San Sadurniño.

No Anexo nº3. Xeoloxía e Xeotecnia as características xeolóxicas e xeotécnicas detalladas da zona de estudio. Do mesmo extráense as seguintes conclusións:

- Ó longo da traza procederase á eliminación da capa de terra vexetal
- As características do terreo son tales que permiten que os noiros de desmonte e terraplén sexan de 1:1 e 3:2 respectivamente.
- En caso de que sexa necesaria a apertura dalgunha gabia para a introdución de tubaxes, estas asentaranse sobre un terreo ó que previamente se lle terá eliminado a capa de terra vexetal.
  A continuación, é necesaria unha compactación do terreo alí onde se sitúe a tubaxe. Dita compactación realizarase cos medios mecánicos que se especifiquen no proxecto.
- En canto ós noiros das gabias, serán, en xeral, e sempre que estudos posteriores en obra non mostren outras necesidades de 1:7.

7. EFECTOS SÍSMICOS

Á hora de ter en conta ou non os posibles efectos sísmicos sobre as obras proxectadas, consultouse a "Normas de Construción Sismorresistentes: parte xeral e edificación" (NCSP-02), editada polo Ministerio de Fomento e aprobada polo Real Decreto 997/2002 de 27 de setembro.

A aceleración sísmica básica e a aceleración sísmica de cálculo para o treito son superiores a 0,04 veces a gravidade, polo que, de partida, é necesaria a consideración dos posibles efectos sísmicos no cálculo das estruturas.

Sen embargo, seguindo o criterio da IAP-11 e o tratarse dunha estrada de baixa intensidade media diaria de vehículos, considéranse as estruturas como de importancia moderada, polo que non é imprescindible a súa aplicación no cálculo.

No *Anexo nº4. Efectos sísmicos* xustifícase detalladamente o cumprimento da normativa vixente.

8. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

As obras proxectadas neste treito atópanse localizadas integramente no concello de As Somozas. As normas urbanísticas vixentes actualmente nestes concellos son as seguintes:

Concello	Figura	Data Aprobación
As Somozas	PXOM	13/03/2006

O solo no treito de actuación (P.Q. 11+410 – P.Q. 11+740) atópase clasificado da seguinte maneira:

- Solo Rústico.
- Solo de Núcleo Rural

As obras contidas no presente proxecto son compatibles co planeamento urbanístico.

No *Anexo nº6. Planeamento Urbanístico* atópanse recollidas as prescripcións referentes a cada tipo de solo atravesado polas actuacións.

9. TRÁFICO

Para a realización do estudo do tráfico da AC-110, consultouse a Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2018, editada pola Xunta de Galicia, na que segundo o Mapa de Aforos de Tráfico para ese mesmo ano, despréndese que a estrada AC-110 ten unha IMD no tramo de estudo comprendida entre 1.500 veh/día e 3.000 veh/día.



E unha IMDp que oscila entre 100 e 200 vehp/día:



10. TRAZADO

As actuacións están encamiñadas ó acondicionamento puntual da AC-110, modificando o trazado de dúas curvas consecutivas entre o P.Q 11+410 e o P.Q.11+740.

O trazado en alzado adaptouse ás cotas actuais da estrada ó tratarse dun acondicionamento puntual dunha curva.

No *Anexo nº8. Trazado* inclúense os listados detallados que definen as modificacións propostas.

11. MOVEMENTO DE TERRAS

Como consecuencia da modificación puntual do trazado que se pretende levar a cabo co presente proxecto na estrada AC-110, tomando as indicacións recollidas no estudio xeotécnico e en base a topografía dispoñible, realízase unha cubicación dos diferentes movementos de terra necesarios para adaptar a topografía orixinal do terreo as actuacións proxectadas.

O resumo da cubicación obtida móstrase a continuación, tendo no *Anexo nº9. Movemento de terras* os listados completos da súa obtención

Asiento terraplén (m^2).	Superficie Ocupación (m^2)	Vol. Terra Vexetal (m^3)	Vol. Terraplén (m^3)	Vol. Desmonte (m^3)
2.680	**4.106**	**1.232**	**5.688**	**1.236**

12. FIRMES E PAVIMENTOS

Entre as seccións estruturais de firme indicadas no catálogo correspondente á figura 2.2 da Norma 6.1 - I.C., sería a axeitada a sección nº 3121, de entre aquelas que son aplicables ós casos de categoría de explanada E2 e tráfico T31, formado por 40 cm de espesor de zahorra artificial e 16 cm de espesor de mestura bituminosa.



tal e como se recolle detalladamente no *Anexo Nº10: Firmes e Pavimentos.*

A solución proposta para o paquete de firme considerado é a seguinte:

- **Capa de rodaxe**: 6 cm de MBC tipo AC 22 surf B 50/70 S.
  Rega de adherencia termoadherente de 0,52 kg/m^2. Emulsión asfáltica catiónica, de rotura rápida C60B3 TER.
- **Capa intermedia:** 10 cm de MBC tipo AC 32 bin B 50/70 S.
  Rega de imprimación de 1,0 kg/m^2. Emulsión asfáltica catiónica de rotura rápida C60BF4 IMP.

- **Subbase**: 40 cm de zahorra artificial ZA 0/32.

  Explanada de 50 cm de material seleccionado en coroación de terraplén.

Nas beirarrúas empregarase un pavimento de formigón HF-3,5 coloreado con mallazo de 15 cm de espesor sobre unha capa de 10 cm de zahorra artificial e bordo prefabricado de formigón tipo C-4.

13. DRENAXE

13.1 DRENAXE LONXITUDINAL

Enténdese como drenaxe lonxitudinal o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, ben por unha obra de drenaxe transversal ou ben directamente ao terreo natural, de xeito que non cause danos superiores aos permitidas á estrutura do firme.

Proxectáronse redes con colector de PVC Ø 400, a fin de recoller e transportar baixo o mesmo as augas de escorrentía provenientes da calzada e dos terreos adxacentes.

No Anexo nº10 “Drenaxe” achégase o cálculo detallado da rede e no *Anexo nº5. Climatoloxía e hidroloxía* recóllense os datos pluviométricos empregados neste.

13.2 DRENAXE TRANSVERSAL

Durante a inspección realizada en campo, constatouse a existencia dunha obra de drenaxe transversal a cal verase afectada polo trazado proposto. Esta obra foi inspeccionada co fin de verificar o seu estado actual e a súa posible utilización para o novo sistema de drenaxe, que xurdirá como consecuencia da variación que se vai levar a cabo sobre o trazado.

Por tratarse dun proxecto de acondicionamento e mellora puntual do trazado, optouse por ampliar esta obra xa que cumpre os condicionantes hidráulicos, a ampliación farase mediante unha sección que circunscriba a sección existente.

A comprobación da capacidade hidráulica da obra de drenaxe transversal existente realizouse para un período de retorno de 500 anos.

Os cálculos hidrolóxicos de comprobación da sección existente realizáronse no *Anexo nº5. Climatoloxía e hidroloxía e nº11 Drenaxe* respectivamente, onde a partir dos datos obtidos e da bacía de aportación calculada, se levou a cabo o cálculo do caudal obtido para os distintos períodos de retorno e a comprobación desta sección.

14. ESTRUTURAS

O proxecto contempla a construción de dúas estruturas, unha para salvar a diferenza de cotas que se produce entre a nova rasante e o terreo natural e outra entre a nova rasante da calzada e a rasante das beirarrúas naqueles puntos nos que a mesma está condicionada pola cota de acceso ás vivendas.

Os muros de contención foron deseñados con dúas tipoloxías: muro de bloque de pedra granítica e muro de formigón armado.

A continuación axúntase unha táboa resumo das estruturas precisas:

	Esta. Ini.	Esta. Fin	Marxe	Altura máxima(m)	Lonxitude (m)	Tipoloxía
Muro 1	11+605	11+620	Dereita	2,9	18,5	Bloques pedra granítica
Muro 2	11+673	11+700	Esquerda	1,5	27,0	Formigón armado

No *Anexo nº13 Estruturas* inclúense os cálculos realizados.

15. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO

Dada a proximidade e os de accesos a parcelas e vivendas existentes ao longo da traza e ao non contar con claras alternativas ao tráfico optouse preferentemente por simultanear as obras co tráfico rodado.

Para iso deberanse de adoptar as medidas de sinalización e balizamento necesarias para separar o tráfico das zonas de obras mediante os dispositivos específicos en cada caso. Se fixese falta o corte dun dos carrís estableceranse as prioridades de paso entre sentidos mediante o correspondente sistema de semaforización.

No *Anexo nº14. Solucións ao tráfico*, recóllense os dispositivos de sinalización que deberán ser tidos en conta durante a execución das obras, para o que se seguirán as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1.987, publicada no BOE de 18 de Setembro de 1987, polo que se publica a Instrución 8.3.-IC "Señalización de las obras" e do "Manual de ejemplos de señalización de obras fijas" de 1997 do Ministerio de Fomento.

16. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA

Para o estudio das marcas viais, sinalización vertical e colocación de elementos de contención de vehículos e balizamento, seguíronse as instrucións que se ditan a continuación:

Sinalización vertical:

- Norma 8.1-I.C. aprobada por Orden FOM/534/2014

Sinalización horizontal:

- Norma 8.2 I.C. de 16 de Xullo de 1.987
- Nota informativa sobre prohibicións de adiantamento (15-02-91)

Outras:

- Orde Circular 4/2017, pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia establecidos polas Ordes Circulares 3/2016 e 4/2016.

No *Anexo nº15 Sinalización, balizamento e defensas* xustifícanse as tipoloxías empregadas e nos planos correspondentes detállase a sinalización proxectada no treito de estudo.

17. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

17.1 IMPACTOS AMBIENTAIS

O proxecto de referencia non se atopa recollido nin no anexo I nin no II da Lei 21/2013. Tampouco se leva a cabo ou ten relación directa con ningún dos espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000 ou da Rede Galega de Espazos Protexidos, polo tanto, enténdese que non resulta necesaria a súa tramitación conforme ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental común nin simplificada.

17.2 IMPACTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL

Coa información dispoñible no momento en que se redacta o presente documento, derivada do considerado nas normas urbanísticas do Concello de As Somozas, e tendo en conta que a actuación non se atopa nas proximidades de ningún elemento catalogado por Patrimonio Cultural, non se prevé afección algunha sobre o Patrimonio Cultural.

No *Anexo nº 16 Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística* recóllense os criterios empregados para a valoración dos posibles impactos do proxecto sobre o medio.

18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Achégase coma Anexo á presente Memoria o Estudo de Xestión de Residuos de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Ascende o importe do capítulo destinado á Xestión de Residuos á cantidade de: sete mil corenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (7.042,25 €.-), que se incorpora como capítulo independente do orzamento da obra.

19. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Como Anexo á Memoria do presente Proxecto, inclúese un Estudo de Seguridade e Saúde no traballo co obxecto de dar cumprimento ó R.D. 1627/1997 do 24 de outubro.

Ascende o importe da partida destinada á Seguridade e Saúde á expresada cantidade de dous mil oitocentos cincuenta euros céntimos (2.850,00€.-), que se incorpora como capítulo independente do orzamento da obra.

20. EXPROPIACIÓNS

No *Anexo nº20 Expropiacións* figura a identificación e valoración dos terreos e bens que é preciso expropiar para a execución das obras.

A superficie total da expropiación ascende a 2.710 m^2, discorrendo toda a traza polo termo municipal As Somozas. Resultan afectadas un total de 6 fincas.

Tendo en conta os criterios expostos no mencionado anexo, ascende o valor das expropiacións á cantidade **oitenta e tres mil setecentos cincuenta e cinco euros con nove céntimos (83.755,09 €)**,

21. REPOSICIÓN DE SERVIZOS

Enténdese por servizo afectado o que se atope comprendido na zona expropiada ou quede influído pola execución da obra.

Os servizos poden clasificarse en Servizos Privados ou Servizos Públicos e por razón do tipo de servizo que proporcionan os servizos poden ser de:

- Electricidade
- Telecomunicación
- Abastecemento
- Saneamentos
- Alumeado

O *Anexo nº20 Servizos Afectados* detalla a afección a 1 poste de telecomunicacións e 2 de electricidade, ademais do soterramento dun treito da liña de electricidade. A valoración destes servizos afectados privados ascende a cantidade de: **trece mil cento trinta e sete euros con trinta e dous céntimos (13.137,32 €)** e incorporase ó Orzamento para Coñecemento da Administración.

Así mesmo, tamén se recolle a reposición de 9 puntos de luz do alumeado público, a canalización da rede de telecomunicacións baixo a beirarrúa da marxe dereita e unha partida alzada a xustificar en reposición de servizos municipais que contempla a posible afección á rede de saneamento e a rede de auga potable. A valoración destes servizos afectados públicos ascende a cantidade de: **vinte e tres mil cincocentos cincuenta euros con dezaseis céntimos(23.550,16 €)** e atópanse incluídos nos capítulos de obras complementarias e de reposición de servizos do orzamento da obra.

22. PLAN DE OBRA

No *Anexo nº22 Plan de obra* proponse, en base os rendementos das principais unidades de obra, un Plan de Traballo con indicación, mediante un esquema de barras e presupostos mensuais, dos distintos tallos e do prazo necesario para a execución dos mesmos.

23. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución das obras que se propón é de **(6) SEIS MESES**. Dito prazo comezará a contar a partir do día seguinte da firma da Acta de Comprobación de Replanteo.

24. CONTROL DE CALIDADE

En base as medicións de proxecto e en función do número de ensaios de cada tipo que esixe a normativa vixente, no *Anexo nº27 Valoración de Ensaios* realizouse a unha relación e valoración económica correspondente ó control de calidade da obra.

O orzamento final dos Ensaios de Contraste ascende a DOUS MIL SETECENTOS SETENTA E CATRO EUROS (2.764,00 €), que representa un 0,988 % con respecto ó orzamento de execución material do proxecto.

25. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

En cumprimento do artigo 1 da Orde do 12 de Xuño de 1.968 (B.O.E. do 25 de xullo) e posterior modificación pola Orde Ministerial do 21 de Maio (B.O.E. do 28 de Maio) realízase a xustificación do importe dos prezos unitarios que figuran nos cadros de prezos.

Dentro dos prezos elementais destínguense:

- Custes directos
- Custes indirectos

Xustifícanse os prezos adoptados, baseándose no custe de materiais, a "pé de obra" e maquinaria existentes no mercado, que proporcionarán as casas subministradoras e publicacións especializadas.

26. PRESUPOSTO

Ascendo o Presuposto de Execución Material á cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E UN EUROS con NOVENTA E SETE CÉNTIMOS **//279.861,97 //-EUROS.**

ASCENDE O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: TRESCENTOS TRINTA E TRES MIL TRINTA E CINCO EUROS con SETENTA E CINCO CÉNTIMOS **//333.035,75 //-EUROS.**

Ascende o IVE (21%) á expresada cantidade de SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS con CINCUENTA E UN CÉNTIMOS //69.937,51 //-EUROS.

ASCENDE O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (PBL) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: CATROCENTOS DOUS MIL NOVECENTOS SETENTA E TRES EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS //402.973,26//-EUROS.

O valor total das expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de OITENTA E TRES MIL SETECENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS con NOVE CÉNTIMOS //83.755,09 //-Euros.

Ascende a reposición dos servizos afectados, á cantidade de TRECE MIL CENTO TRINTA E SETE EUROS con TRINTA E DOUS CÉNTIMOS //13.137,32//-Euros.

ASCENDE O PRESUPOSTO EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS Á CANTIDADE DE: NOVENTA E SEIS MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS con CORENTA E UN CÉNTIMOS **//96.892,41//-Euros.**

ASCENDE O PRESENTE PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á CANTIDADE DE: CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS con SESENTA E SETE CÉNTIMOS //499.865,67//-EUROS.

27. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo ao artigo 77 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non será esixible a clasificación do contratista para o presente proxecto ó non acadar as obras un valor superior a 500.000 €.

Proponse de igual xeito a seguinte clasificación, que se xustifica no *Anexo nº23 "Clasificación do Contratista".*

Grupo: G: Viais e pistas

Subgrupo 4: Con firmes de mesturas bituminosas

Categoría 2 (Cando a anualidade media exceda de 150.000 e non sobrepase os 360.000 euros)

A clasificación arriba indicada é unicamente a proposta polo proxecto, será definitiva a que indique o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

28. REVISIÓN DE PREZOS

Conforme ó artigo 103 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, da lei de contratos do sector público, e consonte á Resolución de 15 de abril de 2014 da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, non procede a revisión de prezos.

29. PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, que han de rexer na execución das obras, parte da descrición das mesmas, as Normas e Disposicións legais vixentes de Obrigado Cumprimento, en canto non sexan modificadas polo Prego do Proxecto e se concretan os materiais a empregar, o seu emprego e confección das distintas unidades de obra e se fixa o criterio de medición e abono.

30. PRAZO DE GARANTÍA

Segundo o artigo 243 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o prazo de garantía das obras será como mínimo de DOCE MESES ou o indicado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación das obras, e contados a partir da data do día seguinte ó da firma da Acta de Recepción.

31. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA, cos Anexos seguintes:

Anexo nº0 – Cumprimento da Orde de Estudo
Anexo nº1 – Antecedentes
Anexo nº2 – Cartografía, topografía e replanteo
Anexo nº3 – Xeoloxía e xeotecnia
Anexo nº4 – Efectos sísmicos
Anexo nº5 – Climatoloxía e hidroloxía
Anexo nº6 – Planeamento urbanístico
Anexo nº7 – Tráfico
Anexo nº8 – Trazado
Anexo nº9 – Movemento de terras
Anexo nº10 – Firmes e pavimentos
Anexo nº11 – Drenaxe
Anexo nº12 – Cálculos lumínicos
Anexo nº13 – Estruturas
Anexo nº14 – Solucións ao tráfico
Anexo nº15 – Sinalización, balizamento e defensas
Anexo nº16 – Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística
Anexo nº17 – Xestión de Residuos
Anexo nº18 – Estudo de Seguridade e saúde
Anexo nº19 – Coordinación con outros organismos
Anexo nº20 – Expropiacións
Anexo nº21 – Servizos afectados
Anexo nº22 – Plan de obra
Anexo nº23 – Clasificación do contratista
Anexo nº24 – Xustificación de prezos
Anexo nº25 – Presuposto para coñecemento da administración
Anexo nº26 – Revisión de prezos
Anexo nº27 – Valoración de ensaios
Anexo nº28 – Seguridade viaria

DOCUMENTO Nº 2.- PLANOS

DOCUMENTO Nº.3.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº.4.- PRESUPOSTO, cos Capítulos:

- MEDICIÓNS
- CADROS DE PREZOS
  - Cadro de Prezos Nº 1
  - Cadro de Prezos Nº 2
- ORZAMENTOS PARCIAIS
- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL
- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

32. CUMPRIMENTO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

32.1 ARTIGO 233 DE CONTIDO DOS PROXECTOS

A tenor do regulado no art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os proxectos deberán comprender polo menos: unha memoria, os planos de conxunto e detalles necesarios, o prego de prescricións técnicas particulares, un orzamento, un programa de desenrolo dos traballos, as referencias de todo tipo en que se fundamentará o replanteo da obra e un estudo (básico) de seguridade e saúde formando así unha obra completa, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ó uso xeral ou o servizo correspondente, sen prexuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan a utilización da obra.

32.2 ARTIGO 13.3 DE OBRA COMPLETA

A tenor do regulado no art. 13.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector, faise mención expresa de que o presente proxecto se refire a obra completa e polo tanto susceptible de ser entregada a uso xeral, sen prexuízo de ulteriores ampliacións de que poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da obra.

33. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE

33.1. CUMPRIMENTO DA LEI 10/2014 E DECRETO 35/2000

Na redacción do presente proxecto deuse cumprimento á Lei 10/2014 de 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao artigo 63.2 do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e a execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, téndose en conta as normas e os criterios básicos, destinados a facilitar ás persoas con calquera limitación funcional ou sensorial a accesibilidade e utilización dos bens e servizos da colectividade, así como evitar e suprimir as barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o seu normal desenrolo.

33.2. CUMPRIMENTO DA ORDE VIV/561/2010

Na redacción do presente proxecto deuse cumprimento á Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e emprego dos espazos públicos urbanizados.

34. CONCLUSIÓN

Sometese o presente Proxecto á Aprobación da Superioridade ó considerar que cumpre co encargado no seu día, á vez que coas Normas vixentes que resulten de aplicación.

Santiago de Compostela, xullo de 2019.

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos	O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Autor do Proxecto	Director do Proxecto
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro	Asdo. Felipe de la Vega Gándaras

ANEXOS Á MEMORIA

Anexo nº0 – Cumprimento da Orde de estudo

ÍNDICE

1. ORDE DE ESTUDO 1
1.1. Contido da orde de estudo 1
1.2. Xustificación dos cambios realizados 2

FICHA DESCRITIVA DO PROXECTO *3*
PLANOS DESCRITIVOS DO PROXECTO *7*

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

ANEXO Nº0: CUMPRIMENTO DA ORDE DE ESTUDO

1. ORDE DE ESTUDO

O presente anexo ten por obxecto recoller un breve resumo do contido da orde de estudo que serve como base para a redacción do proxecto, así como, a xustificación dos cambios que se levaron a cabo con respecto ao dito contido.

1.1. Contido da orde de estudo

A continuación, recóllense os principais puntos da orde de estudo:

Tipo de estudo: Proxecto de construción

Actuación: Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas

Clave: AC/19/003.10

Programa: Acondicionamento de trazado

Subprograma: 3.1 Acondicionamento de trazado á rede estruturante

Situación: Concello de As Somozas

Clase de estrada: Primaria Complementaria

Obxecto do estudo: Desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible os obxectivos definidos, e posterior información pública.

O proxecto ten como finalidade o acondicionamento do trazado da estrada AC-110, de feito que se facilite a circulación dos transportes especiais que teñen problemas en determinados puntos da mesma coa súa configuración actual.

Contido do estudo: O indicado para os do seu tipo nas Instrución para a Redaccións de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Descrición da actuación:

Preténdese levar a cabo o acondicionamento do trazado da estrada AC-110 ao seu paso polo Concello de As Somozas, coa finalidade de facilitar a circulación dos transportes especiais que transitan por este treito, en especial, aqueles que transportan as palas dos aeroxeneradores eólicos que se prevén construír na zona (transportes especiais de palas tipo SG-155).

Para isto, realizaranse diversas actuación sobre a estrada en dúas fases:

- Accións inmediatas
  - Retranqueo do poste existente na intersección coa estrada local CP-7010 (P.Q. 11+700 da AC-110).
  - Soterramento dun treito da liña eléctrica na entorna do P.Q. 11+500 da AC-110.
- Accións a medio prazo:
  - Acondicionamento de dúas curvas consecutivas no treito comprendido entre os PP.QQ. 11+500 – 11+700.

Como Apéndice I axúntase a ficha descritiva resumo do proxecto construtivo, cuxo contido ben fixado na anexo I da presente orde de estudo.

1.2. Xustificación dos cambios realizados

No presente proxecto non se realizaron cambios respecto ó contido da orde de estudo que rexe o contrato.

Santiago de Compostela, xullo de 2019

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Autor do Proxecto

Asdo: Pablo Blanco Ferreiro

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Director do Proxecto

Asdo: Felipe de la Vega Gándaras

Vº Bº

A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos
Xefa de Servizo de Proxectos

Asdo: María Jesús Tejada López

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos
Xefe da Área de Planificación e Programación

Asdo: Carlos Lefler Gullón

FICHA DESCRITIVA DO PROXECTO

FICHA DESCRITIVA DO PROXECTO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

1. Obxecto da actuación

O conxunto de actuacións que aparecen recollidas no presente Proxecto teñen por obxecto o acondicionamento puntual do trazado da estrada AC-110, facilitando así a circulación dos transportes especiais que na actualidade atopan dificultades para circular por esta estrada con normalidade e, mellorando en xeral a circulación e a seguridade do resto de vehículos que circulan pola AC-110.

2. Plan de Estradas

Programa: Acondicionamento de trazado

Subprograma: 3.1 Acondicionamento de trazado á rede estruturante

3. Descrición da actuación

Preténdese levar a cabo o acondicionamento do trazado da estrada AC-110 ao seu paso polo Concello de As Somozas, coa finalidade de que os transportes especiais que circulan por este treito, en especial, aqueles que transportan as palas dos aeroxeneradores eólicos que se prevén construír na zona (transportes especiais de palas tipo AG-155).

Para iso, realizaranse diversas actuacións sobre a estrada en dúas fases:

- Accións inmediatas:
  - Retranqueo do poste existente na intersección coa estrada local CP-7010 (P.Q. 11+700 da AC-110).
  - Soterramento dun treito da liña eléctrica na entorna do P.Q. 11+500 da AC-110.
- Accións a medio prazo:
  - Acondicionamento de dúas curvas consecutivas no treito comprendido entre os PP.QQ 11+500-11+700.

4. Características técnicas

Previamente ó inicio das obras é preciso levar a cabo a demolición das edificación afectadas e dos pavimentos, obras de fábrica e muros existentes. Así mesmo, procederase á retirada das sinais, á desmontaxe dunha parte da barreira de seguridade e ó traslado do fito quilométrico da estrada provincial.

O movemento de terras contempla o despexe e roza, a retirada de terra vexetal e a escavación non clasificada.

Previo á execución do terraplén levarase a cabo o saneo e reposición do solo inadecuado con pedraplén e para a coroación do propio terraplén proxéctase o estendido de solo seleccionado procedente de préstamos.

A solución proposta para o paquete de firme considerado é a seguinte:

- **Capa de rodaxe**: 6 cm de MBC tipo AC 22 surf B 50/70 S.
  Rega de adherencia termoadherente de 0,52 kg/m^2. Emulsión asfáltica catiónica, de rotura rápida C60B3 TER.
- **Capa intermedia:** 10 cm de MBC tipo AC 32 bin B 50/70 S.
  Rega de imprimación de 1,0 kg/m^2. Emulsión asfáltica catiónica de rotura rápida C60BF4 IMP.
- **Subbase**: 40 cm de zahorra artificial.

  Explanada de 50 cm de material seleccionado en coroación de terraplén.

Nas beirarrúas empregarase un pavimento de formigón HF-3,5 coloreado con mallazo de 15 cm de espesor sobre unha capa de 10 cm de zahorra artificial e bordo prefabricado de formigón tipo C-4.

Para a drenaxe lonxitudinal da estrada proxéctanse redes con colector de PVC Ø 400, a fin de recoller e transportar baixo o mesmo as augas de escorrentía provenientes da calzada e dos terreos adxacentes, cos correspondentes sumidoiros e pozos de rexistro.

No treito de actuación vese afectado unha obra de drenaxe lonxitudinal cuxa ampliación se fará mediante unha sección que circunscriba a sección existente en formigón HA-25, 20 cm de espesor e aceiro B 500-S, con embocadura e aletas.

O proxecto contempla dúas estruturas de contención de terras:

- Entre os PP.QQ 11+605 e 11+620 executarase un muro de bloques de pedra granítica de 2,30 metros de altura media
- Entre os PP.QQ 11+670 e 11+700 executase un muro de formigón armado HA-25 de 20 cm. de ancho e 80. cm de altura media, cunha zapata corrida de 80x30 cm.

O proxecta complétase coa sinalización completa da vía, horizontal e vertical, así como os elementos de balizamento e defensas, o alumeado público, a canalización de telecomunicacións e a reposición dos servizos municipais.

5. Principais unidades de obra

CÓDIGO	UNIDADE DE OBRA	CAPÍTULO	ORZAMENTO	%SOBRE PEM
FB5070	Betún asfáltico tipo B 50/70	FIRMES E PAVIMENTOS	29.711,01	10,62%
FZA	Subbase zahorra artificial ZA 0/32	FIRMES E PAVIMENTOS	22.099,10	7,90%
FAC32BB5070S	Formigón bituminoso AC 32 bin B 50/70 S	FIRMES E PAVIMENTOS	21.468,05	7,67%
BDPEU	Barreira urbana baixa ata 50 km/h, N1, W1	SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS	20.088,00	7,18%

6. Poboación servida

Segundo os datos do INE para o 2018, o Concello de As Somozas conta cunha poboación de 1.103 habitantes.

7. Concellos afectados

As obras proxectadas atópanse localizadas integramente no Concello de As Somozas.

8. Expropiacións

O presuposto de expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de: OITENTA E TRES MIL SETECENTOS CINCONTA E CINCO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (83.755,09 €).

9. Prazo

O prazo de execución das obras é de 6 (SEIS) meses.

10.	**Orzamentos**
	O Orzamento base de licitación (IVE 21%) ascende á expresada cantidade de**:** CATROCENTOS DOUS MIL NOVECENTOS SETENTA E TRES EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (402.973,26€)
	O Orzamento de Expropiacións ascende á cantidade de: : OITENTA E TRES MIL SETECENTOS CINCONTA E CINCO EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (83.755,09 €).
	O Orzamento de Servizos afectados ascende á cantidade de: TRECE MIL CENTO TRINTA E SETE EUROS con TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (13.137,32 €).
	O Orzamento para Coñecemento da Administración ascende á cantidade de CATROCENTOS NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS con SESENTA SETE CÉNTIMOS (499.865,67 €).

PLANOS DESCRITIVOS DO PROXECTO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

axencia galega de infraestruturas

SERVIZO

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. e P.
AUTOR DO PROXECTO
Fdo. Pablo Blanco Ferreiro

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, C. e P.
DIRECTOR DO PROXECTO
Fdo. Felipe de la Vega Garbayas

DEBUXOU: Alejandro Millán Mata
COTEXOU: Pablo Blanco Ferreiro
SUSTITUE A: -
SUSTITUIDO POR: -

ESCALA
DIN A1: 1 / 500
DIN A3: 1 / 1.000
0 5 10 15 20m

TITULO: ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

CLAVE: AC/19/003.10

NUMERO DE PLANO: Anexo 0
FOLLA: 1 de 3

DESIGNACION DO PLANO: PLANTA XERAL

DATA: XULLO 2019
Numero de paxina: .

Tamaño impresión: A3
Talla de plumas: Fotocopiadora Canon A3 negro.ctb

Autor: —
Trazado: Rocio

Rutа: H:\ROCIO\2020\Carreteras\Supervisión(David_2019)\Acondicionamento AC-110 en A Garita (Somozas)
Nombre: Alt-Cumprimento Orde Estudo

NOTAS:

1.- EMPREGARASE PEDRA GRANÍTICA.

2.- O TAMAÑO DA PEDRA SERÁ > 1000 KG.

3.- A MARXE DE APERTURA ENTRE BLOQUES NON SUPERARÁ OS DOCE CENTÍMETROS EN NINGÚN PUNTO E A DENSIDADE APARENTE MÍNIMA DA ESCOLLEIRA SERÁ SUPERIOR A 19 kN/M³.

4.- A CIMENTACIÓN DO MURO REALIZARASE MEDIANTE O VERTIDO DE FORMIGÓN POBRE (HM-15) ENTRE OS OCOS DA ESCOLLEIRA SITUADA BAIXX A RASANTE DO MURO.

5.- CADA BLOQUE APOIARASE NA SÚA CARA INFERIOR EN, POLO MENOS, DOUS BLOQUES, MANTENDO O CONTACTO COS BLOQUES LATERAIS ADXACENTES, CO FIN DE ASEGURAR A MAIOR TRABAZÓN POSIBLE.

6.- A MEDIDA QUE SE VAIAN POÑENDO AS DIFERENTES FILEIRAS, IRASE COLOCANDO O RECHEO GRANULAR NO TRASDÓS, COMPOSTO POR UN MATERIAL FILTRANTE, CON TAMAÑO MÁXIMO MENOR DE QUINCE CENTÍMETROS.



Tamaño impresión A3
Tabla de plumas Fotocopiadora Canon A3 negro.ctb

Autor —
Trazado Rocio

Ruta H:\ROCIO\2020\Carreteras\Supervisión\David_2019\ Acondicionamento AC-110 en A Garita (Somozas)
Nombre A0-Cumprimento Orde Estudo

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	axencia galega de infraestruturas	SERVIZO	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. AUTOR DO PROXECTO Fdo. Pablo Blanco Ferreiro	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. DIRECTOR DO PROXECTO Fdo. Felipe de la Vega Garabaras	DEBUXOU Alejandro Millán Mata COTEXOU Pablo Blanco Ferreiro	SUSTITUE A: - SUSTITUIDO POR -	ESCALA SEN ESCALA	TITULO ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS	CLAVE AC/19/003.10	NUMERO DE PLANO Anexo 0 FOLLA 2 de 3	DESIGNACION DO PLANO SECCIÓNS TIPO DETALLE MURO DE GRANITO	DATA XULLO 2019 Numero de paxina .

SECCIÓN EN ZONAS EXISTENTES



SECCIÓN EN NUEVO TRAZADO



SECCIÓN BORDO



XUNTA DE GALICIA CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE	axencia galega de infraestruturas	SERVIZO	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.C.P. AUTOR DO PROXECTO Fdo. Pablo Blanco Ferreiro	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.C.P. DIRECTOR DO PROXECTO Fdo. Felipe de la Vega Garayaras	DEBUXOU Alejandro Millán Mata COTEXOU Pablo Blanco Ferreiro	SUSTITUE A: - SUSTITUIDO POR -	ESCALA SEN ESCALA	TITULO ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS	CLAVE AC/19/003.10	NUMERO DE PLANO Anexo 0 FOLLA 3 de 3	DESIGNACION DO PLANO SECCIÓNS TIPO	DATA XULLO 2019 Numero de paxina .

Autor: —
Trazado: Rocio
Ruta: H:\ROCIO\2020\CarreterasSupervisión\David_2019) Acondicionamento AC-110 en A Garita (Somozas)
Nombre: A0-Cumprimento Orde Estudo
Tamaño impresión: A3
Tabla de plumas: Fotocopiadora Canon A3 negro.ctb

Anexo nº1 – Antecedentes e estado actual

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS 1
1.1 Antecedentes técnicos 1
1.2 Antecedentes administrativos 1
2. DATOS PREVIOS 1
2.1 Concello de As Somozas 2
2.2 Rede viaria e tráfico 2
2.3 Actividade económica 2
2.4 Dotacións, infraestruturas e equipamentos 2
REPORTAXE FOTOGRÁFICA 4

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

ANEXO Nº1: ANTECEDENTES

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Recóllese neste punto unha breve descrición dos antecedentes técnicos e administrativos que preceden a redacción do presente proxecto de construción.

1.1 Antecedentes técnicos

A Axencia Galega de Infraestruturas ven de detectar a necesidade de redactar o proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas", dado que non conta actualmente cos medios técnicos e humanos para levar a cabo esta actuación e considera necesaria a realización dun contrato de servizos con este obxecto.

1.2 Antecedentes administrativos

Con data do 15 de marzo de 2019 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A:

- Obxecto: Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas".
- Clave: AC/19/003.10
- Programa: Acondicionamento de Trazado
- Subprograma: 3.1 Acondicionamento de trazado á rede estruturante
- Órgano: Axencia Galega de Infraestruturas

Os traballos a realizar consisten na redacción do proxecto de construción "Acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas", tendo en conta toda a normativa técnica en materia de estradas que lle sexa de aplicación.

2. DATOS PREVIOS

As actuacións desenrolaranse na estrada de titularidade autonómica AC-110, que con 18,55 km entre As Felgosas (AC-862) e Espiñaredo (AC-861) recorre os concellos de Cerdido, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez. O treito de actuación céntrase entre o P.Q. 11+410 e o P.Q. 11+740 encadrado na súa totalidade no Concello de As Somozas e na súa maioría dentro da delimitación do núcleo de A Garita.

2.1 Concello de As Somozas

O Concello de As Somozas atópase sito ó nordés da provincia de A Coruña. Os seus concellos limítrofes son Ortigueira, Cerdido e Moeche, polo norte; San Sadurniño polo oeste; As Pontes de García Rodríguez polo sur e este.



O termo municipal cunha extensión de 70,9 km^2, ten unhas dimensións territoriais lixeiramente inferiores á media galega e áchase dividida en catro parroquias: Enchousas, Recemel, Seixas e Somozas.

O termo municipal esta escasamente poboado (1.103 habitantes segundo INE ano 2018) aínda que conta cun considerable número de aldeas, o que da unha idea da pequena entidade destas. A distribución da poboación e a importancia dos asentamentos non é uniforme, atopándose moito máis poboadas as parroquias de Somozas e Recemel ao sur e oeste, que as de Seixas e Enchousas, ao norte e leste.

Os distintos núcleos de poboación do municipio sitúanse na súa maior parte no bordo das terras de cultivo das ribeiras dos ríos Somozas e Pequeno así como vinculados á estrada AC-110, fundamentalmente as parroquias de Recemel e As Somozas na metade oeste do termo municipal.

A tipoloxía de asentamento predominante no municipio é a aldea pechada, con casarío disperso. O medio urbano de As Somozas atópase constituído polo núcleo urbano de A Igrexa e as zonas urbanizadas do Parque Empresarial, froito do desenvolvemento dun Plan Parcial.

Imaxe: Casa do Concello en Igrexa, As Somozas

2.2 Rede viaria e tráfico

A estrutura viaria do concello de As Somozas atópase formada por a autovía autonómica AG-64 (autovía Ferrol – Vilalba), tres estradas autonómicas, catro provinciais e un número importante de locais, pertencentes ó Concello.

A estrutura das estradas é na súa maior parte radial con centro na capital municipal, Igrexa e dúas vías de borde de importancia supramunicipal que dan accesibilidade ó concello, a través de autovía ou estrada da rede primaria básica.

De entre as estradas autonómicas destacamos a AC-861 de Ferrol a Vilalba que da accesibilidade ó concello e AC-110 que o atravesa a partir desta en sentido sur-norte. O estado das estradas é bo máis tendo en conta as melloras realizadas sobre a AC-110.

As estradas provinciais que completan a rede autonómica e serven de conexión do concello cos limítrofes son: DP-2503, DP-4904, DP-4906, DP-7010.

O resto das estradas son de titularidade municipal.

2.3 Actividade económica

A base económica do municipio está formada pola agricultura completándose cun sector secundario baseado fundamentalmente nas industrias que se están a desenvolver a súa actividade no parque empresarial de As Somozas. A localización de SOGARISA (Sociedade Galega de Residuos Industriais de Galicia), propiciou a necesidade de creación dun parque empresarial, que ata a actualidade, orientou a súa actividade ó reciclaxe e as enerxías renovables. Ademais da empresa anteriormente mencionada, no parque instaláronse empresas de transformación de aceites usados ou pneumáticos en combustible, de construción de aeroxeneradores, entre outras.

2.4 Dotacións, infraestruturas e equipamentos

A maioría dos equipamentos do municipio localízanse en Igrexa. Non obstante dada a extensión e dispersión do termo e polo tanto das distancias a percorrer dan lugar a un déficit de equipamentos que afecta principalmente ás zonas peor comunicadas.

Equipamentos relixiosos:

O concello conta con catro igrexas parroquiais (cos seus respectivos cemiterios) xunto con varias capelas distribuídas polo territorio.

Servizos sanitarios:

O concello de As Somozas conta cun Centro de Saúde dependente do SERGAS, sito fronte ó Concello no núcleo de Igrexa.

Servizos educativos:

A relación de centros de ensino redúcese a un Centro Escolar próximo a Igrexa : C.E.I.P O Marbán.

Servizos administrativos:

Todos os servizo administrativos, o Concello, xulgado e o cuartel da garda civil, atópanse centralizados en Igrexa.

Equipamentos deportivos, festivos, culturais e de lecer.

No núcleo de Igrexa atópanse a Casa da Cultura, as principais instalacións deportivas (polideportivos e campo de fútbol) xunto coas piscinas municipais. O centro cívico municipal atópase en A Garita.

No Concello existen áreas recreativas e campos da festa en Seixas e Queiruga, ademais dunha zona verde vinculada o río Somozas .

REPORTAXE FOTOGRÁFICA

Foto nº1. P.Q. 11+410 Inicio da actuación

Foto nº2. P.Q. 11+450.

Foto nº3. P.Q. 11+500

Foto nº4. P.Q. 11+520

Foto nº5. P.Q. 11+570

Foto nº6. P.Q. 11+600

Foto nº7. P.Q. 11+620

Foto nº8. P.Q.11+690

Foto nº9. P.Q.11+740 Finda actuación

Anexo nº2 – Cartografía, topografía e replanteo

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN 1

2. TRABALLO DE CAMPO 1

2.1. Instrumentación dispoñible 1
2.2. Redes de levantamento topográfico 2

3. TRABALLO DE GABINETE 2

3.1. Procesado e cálculo das observacións 2
3.2. Debuxo do plano 2

APÉNDICE I PUNTOS LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO 3

APÉNDICE II LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO 19

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ACONDICIONAMENTO DA AC-110 NO CONCELLO DE AS SOMOZAS

ANEXO Nº2: CARTOGRAFÍA, TOPOGRAFÍA E REPLANTEO

1. INTRODUCCIÓN

O levantamento de detalle da zona de obras foi realizado por Estudio Técnico Gallego, S.A. Para este fin, procedeuse á colocación dunhas bases e a toma de puntos de campo necesarios para definir a zona de actuación con estación total e GPS.

O procedemento seguido detallase nos puntos seguintes.

Ademais, apoiámonos na cartografía facilitada pola Xunta de Galicia.

Neste anexo sintetízanse os procedementos utilizados para a obtención da rede de bases e máis obtención da topografía da zona a representar, sobre a cal proxectarase o acondicionamento da AC-110 no Concello de As Somozas.

2. TRABALLO DE CAMPO

2.1. Instrumentación dispoñible

A instrumentación topográfica disponibel esta composta por un receptor GPS e unha estación total cuxas características sinálanse de seguido.

ESTACIÓN TOTAL:

MODELO: SOKKIA SET530R

- A=30x
- S= 40''
- a=10 sg

Erro relativo medida de distancias = 3mm+2ppm

GPS:

- MODELO: STONEX S9
- Erro relativo en posicionamento estático relativo
- Horizontal: 3mm+1ppm
- Vertical: 5mm+1ppm
- Erro relativo en estático en tempo real (RTK)

- Horizontal: 1cm+1ppm
- Vertical: 2cm+1ppm

Do mesmo xeito, coma elementos auxiliares utilizáronse os seguintes:

- Trípodes de madeira.
- Trípodes de pinzas.
- Elementos de sinalización e marcado.
- Cinta métrica, flexómetros.
- Xalóns, prismas.

2.2. Redes de levantamento topográfico

O compactador disporá dun extintor de incendios portátil.

Prohíbese o abandono da cabina co motor en marcha.

Non se deberá baixar por pendentes co motor desembragado.

Prohíbese o transporte de persoas.

Prohíbese o acceso á condución con vestimentas sen cinguir, cadeas, pulseiras, etc.

O compactador estará dotado de luces e de sinal acústico de retroceso.

Acoutarase ou balizarase a zona de actuación da máquina, e sinalizarase "risco de maquinaria pesada en movemento". A circulación na obra estará organizada de tal forma que non existan interferencias con outras zonas.

Prohíbese a estanza de operarios no tallo de compactado.

Non permanecer dentro do campo de circulación do rolo, no caso contrario "facerse visible" o operario.

Circular co rolo, no posible, en avance frontal evitando os desprazamentos laterais.

Manterse a distancia de seguridade dos bordos do noiro de recheo.

Nos recheos localizados próximos ás obras de fábrica evitar os golpes a elementos estruturais, pode ocasionar accidente.

Ao finalizar o servizo e antes de deixar o compactador:

- ✓ Accionar o freo de estacionamento.
- ✓ Poñer o motor en primeira velocidade, se o compactador está fronte a unha suba.
- ✓ Poñer o motor en marcha atrás se o compactador está fronte a unha baixada.
- ✓ Desconectar o motor.
- ✓ Colocar calzos.

Manter limpo o acceso á cabina, efectuando a subida e baixada ao rolo polo acceso previsto.

Antes de poñer en marcha o rolo compactador asegurarse de que están montadas todas as tapas e carcasas protectoras.

A revisión xeral do compactador e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos, así como a presión dos pneumáticos e o seu estado.

Antes de iniciar a xornada, comprobarase o estado dos bulóns e pasadores de fixación do chasis arrastrado, así como dos elementos articulados.

8.3 Medios de fabricación e posta en obra de firmes

- *Rolo vibrante autopropulsado*

Non se permitirá a permanencia sobre o compactador doutra persoa que non sexa a súa operadora, co fin de evitar accidentes por caída dende a máquina.

Todos os operarios a pé no tallo de aglomerado quedarán en posición na cuneta ou beirarrúas, por diante da compactador, en prevención dos riscos por atrapamento e atropelo durante os movementos desta.

A escaleira de suba á plataforma de condución e o bordo exterior desta terán revestimento antiesvarante.

O operador terá a obriga de coidar especialmente a estabilidade do rolo ao circular sobre superficies inclinadas ou pisando sobre o bordo da capa de aglomerado.

Vixiarase o mantemento sistemático do estado de funcionamento da máquina.

Coidarase a instrución e vixilancia da prohibición de fumar durante as operacións de carga de combustible e de comprobación do nivel da batería da máquina.

Disporase de asento antivibratorio ou, no seu defecto, será preceptivo o emprego de faixa antivibratoria.

- *Camión basculante*

O condutor do camión estará en posesión do preceptivo carné de conducir e actuará con total respecto ás normas do código de circulación e respectará en todo momento a sinalización da obra.

Na manobra de colocación e acoplamento ante a estendedora, o condutor actuará con total suxeición ás instrucións e a dirección do encargado do tallo de estendido de aglomerado, así como ás indicacións do axudante de aviso.

Unha vez efectuada a descarga, a caixa será baixada antes de reemprender a marcha.

Atenderase á posible presenza de tendidos aéreos eléctricos ou telefónicos antes de comezar a elevación da caixa.

Todas as operacións de revisión ou mantemento que deba realizarse co basculante elevado efectuaranse asegurando que se impide o seu descenso, mediante encravamento.

- *Camión cisterna para rego asfáltico*

O condutor deberá dispoñer do correspondente certificado de aptitude para o transporte de mercadorías perigosas.

Queda prohibido o transporte de viaxeiros.

O camión cisterna deberá cumprir a normativa T.P.C. en todos os seus termos.

Disporá de botica de primeiros auxilios.

Disporá do preceptivo extintor, cargado, timbrado e coas revisións ao día.

O condutor:

- ✓ Realizará as accións oportunas para que o vehículo estea nas debidas condicións de manipulación e estiba durante a carga.
- ✓ Tomará as oportunas precaucións e accións para que a cisterna estea nas debidas condicións durante o rego.
- ✓ Levará dentro da cabina os equipos de protección individual correspondentes.
- ✓ Non conducirá nunca baixo os efectos de cansazo ou fatiga.
- ✓ Non comerá en exceso nin inxerirá bebidas alcohólicas.
- ✓ Non tomará medicamentos sen prescrición facultativa, en especial aqueles que produzan efectos negativos para unha axeitada condución.
- ✓ Non deberá fumar mentres conduce.
- ✓ No caso de producirse un derramo, deberá obturar a fuga, sempre que lle sexa posible e non entrañe risco.

O regador:

- ✓ Porá especial coidado cando limpe os pulverizadores atascados da rampla para evitar que lle salte asfalto.
- ✓ Limpará os pulverizadores co vehículo parado e debidamente asegurado mediante o freo.
- ✓ Cando o rego se faga dende a rampla situarase nun lugar onde o condutor poida velo e non poida ser alcanzado polo vehículo ou polo asfalto.
- ✓ Queda prohibida a estanza de persoa algunha, salvo o regador, no radio de acción do vehículo e da súa lanza para rego.
- ✓ Estará sempre atento aos movementos do camión cisterna.
- ✓ Cando estea a regar coa lanza apuntará sempre contra o chan, nunca o fará para arriba nin en horizontal.
- ✓ Se precisa desatascar a boquilla da lanza farao con sumo coidado e grande atención, non abrirá a chave de liña antes de rematar a operación e ao probar apuntamentará ao chan, nunca noutra dirección.
- ✓ A utilización do equipo de protección individual é de uso obrigatorio, non traballará sen el aínda que lle resulte incómodo.

- *Estendedora de aglomerado*

En traballos que afecten a vías públicas organizar e compaxinar convenientemente o tráfico rodado e de obra (aplicar, se corresponde, a Norma de Estradas 8.3. –IC "Sinalización de obras"). Tanto peóns sinalistas como a sinalización de obra.

Acoutarase ou balizarase a zona de actuación da máquina, e sinalizarase "risco de maquinaria pesada en movemento". A circulación da obra estará organizada de tal forma que non existan interferencias con outras zonas.

O tráfico de obra e as manobras de aproximación e vertedura do aglomerado (camións bañeiras) na moega estarán dirixidas por persoal específico.

Presenza do persoal necesario no tallo.

Os operadores e axudantes procurarán colocarse na zona contraria á dirección do fume.

Comprobar, antes de iniciar a actividade, que están colocadas todas as protección dos elementos móbiles.

Os accesos á cabina (e esta mesma) manteranse limpos de sucidade e sen ferramentas de traballo.

A estendedora estará dotada de faros dianteiros e luces de posición traseiras e levará extintor na cabina. En caso de afectar a vía publica terá luz rotatoria.

Sobre a estendedora en marcha só poderá estar o condutor.

Prohibido o acceso dos operarios á regra vibrante durante as operacións de estendido.

Os bordos laterais da estendedora, en prevención de atrapamentos, estarán sinalizados a bandas amarelas e negras alternativas.

Colocación sobre a máquina, nos lugares de risco específico, sinais de "Perigo substancias quentes" (perigo, lume), "Non tocar altas temperaturas".

Ao efectuar a carga do betume, comprobarase previamente o correcto axuste da boca do bidón, en previsión de posibles desprendementos no izado. O tambor de secado deberá estar quente, antes de cargar o material no elevador.

Deberanse acender os chisqueiros con lapa de gas butano ou, no seu defecto, mediante un hisopo longo. Procurarase que o aglutinante dispoña de aditivos antiespumante, para evitar a obturación dos chisqueiros.

Para evitar a inflamación por quentamento excesivo do betume, vixiarase a temperatura frecuentemente, cun termómetro fiable.

Os tubos de quentamento das caldeiras deberán manterse ben cubertos de asfalto.

O nivel do asfalto non se poderá comprobar baixo ningunha circunstancia mediante lapa descuberta.

En caso de apagarse o chisqueiro:

- ✓ Cortarase a alimentación de combustible.
- ✓ Apagar ben o tubo de quentado, utilizando o ventilador, co fin de evitar a posibilidade de retorno da lapa.

Non se dará temperatura aos tubos de quentamento con trapos acendidos.

O asfalto derramado arredor das caldeiras debe limparse inmediatamente.

Non se poderán abrir os orificios de inspección mentres haxa presión na caldeira.

A mesturadora e o tambor de secado non poderán inspeccionarse nin repararse mentres estean a funcionar.

Cando se proceda a limpar os depósitos con vapor, deberanse tomar as precaucións necesarias para impedir que aumente a presión.

Cando, por necesidades do traballo, quede a máquina sobre superficie inclinada, deixarase ben freada e calzada.

Non se deixarán no chan as canalizacións flexibles cando non se estean a utilizar.

Utilización de chalecos reflectantes se se afecta a vías públicas.

Disporase dos medios de extinción de incendio axeitados.

As plataformas elevadas das esparcideiras de asfalto disporán de varanda de seguridade completamente equipada e escada de acceso antiesvarante.

Os pisos de madeira expostos a proxeccións de aglutinante estarán recubertos de chapa metálica corrugada.

A transmisión trapezoidal terá unha carcasa eficaz contra atrapamentos.

En caso necesario, a mesturadora deberá estar ben protexida na súa parte superior, cunha cuberta de mallazo electrosoldada.

Os esparexedores de aglutinante disporán dun apantallado resistente ao lume, cun orificio de observación.

As canalizacións de aceite e asfalto quente estarán ben illadas, en previsión de queimaduras.

As canalizacións flexibles sometidas a presión terán unha envoltura coaxial ou articulada metálica.

Para previr a formación de po de rocha na esparexedora de asfalto, deberase:

- ✓ Equipar cun sistema mecánico de aspiración á envoltura da criba e cámara mesturadora.
- ✓ Os caneiros e embudes de rebosamento da criba deberán estar pechados.
- ✓ O sistema transportador de escouras deberá estar recuberto nos puntos de traspaso e descarga.
- ✓ O conduto de descarga do secador ao elevador da criba, deberá estar equipado cunha xunta eficaz, estanca ao po.

O mantemento e as reparacións levaranse a cabo co equipo inactivo e, a ser posible, frío.

A revisión xeral da estendedora asfáltica e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante. Prestarase especial atención á eliminación de residuos de aglutinante.

Diariamente comprobaranse a correcta colocación de resgardos, pantallas e carcasas protectoras sobre as moreas, articulacións e transmisións.

8.4 Formigonado

- *Camión formigoneira*

Comprobación diaria dos niveis (aceite, hidráulico).

Vixiar a presión dos pneumáticos, limpeza de espellos retrovisores e parabrisas, comprobar funcionamento de luces e sinalización acústica, especialmente a de indicación de retroceso.

Antes de acceder á zona de obra estudarase a súa localización, o terreo e a súa carga máxima admisible. Preveranse posibles interferencias con liñas eléctricas, afundimentos ou xiros.

O percorrido dos camións-formigoneira no interior da obra efectuarase por lugares preestablecidos e definidos.

En pendentes superiores ao 16% non é aconsellable a subministración de formigón co camión.

As manobras de carga serán lentas para evitar colisións coas plantas de formigonado

Non superar os 20 km/h no recinto da obra.

Os condutores dos camións-formigoneira serán informados das zonas de risco e das instrucións de circulación.

A posta en estación e os movementos do camión-formigoneira durante as operacións de vertedura, serán dirixidos por un sinalista.

Dispoñer de botica de primeiros auxilios de primeiros auxilios, un extintor de incendios de neve carbónica, da ferramentas esenciais e de lámpadas de reposto.

As formigoneiras non deberán ter partes saíntes.

Colocaranse topes no bordo dos baleirados para eliminar o risco de posible caída en retrocesos.

Cando se proceda a despregar a canaleta, o operario situarase fóra da súa traxectoria e a cadea de seguridade que suxeita a canaleta non será retirada antes de situar esta en descarga.

Se se emprega alcatruz para a distribución do formigón aos tallos, porase especial coidado en que ningún operario se coloque entre a zona de descanso sobre o terreo do forno e a parte traseira do camión ou

paramento vertical lindante. Disporanse dous taboleiros, a xeito de durmintes, sobre o terreo, para asentar o forno e evitar o risco de atrapamento dos pés.

Para subir á parte superior da cuba empregaranse medios auxiliares.

Procederase a lavar a cuba con auga ao final de cada xornada, especialmente as canaletas.

A limpeza da cuba e canaletas efectuarase en lugares que se establecerá para tal fin.

Ao finalizar o servizo e antes de deixar o camión formigoneira, o condutor deberá accionar o freo de estacionamento, engrenar unha marcha curta e en caso necesario bloquear as rodas mediante calzos. As chaves de contacto e de encravamentos, permanecerán baixo custodia do condutor.

Disporase dun extintor de incendios de capacidade axeitada.

Os elementos para subir ou baixar serán antiesvarantes.

O camión formigoneira posuirá os dispositivos de sinalización que marca o código da circulación.

Disporase de sinal acústico de retroceso.

A escaleira de acceso á moega debe dispoñer dunha plataforma lateral situada aproximadamente 1 metro por debaixo da boca, equipada cun aro quitamedos.

Periodicamente realizarase unha revisión dos mecanismos da hélice, para evitar perdas de formigón nos desprazamentos.

Regularmente revisarase o aperte de parafusos en escaleiras, aros quitamedos, plataformas de inspección da moega de carga, proteccións e resgardos sobre engrenaxes e transmisións, etc.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos.

Seguiranse as revisións prescritas no manual de mantemento do vehículo.

- *Bomba para formigón autopropulsada*

O persoal encargado do manexo da bomba de formigón estará especializado no manexo e mantemento.

Instalaranse topes de final de percorrido da bomba de formigón autopropulsada.

Non se situarán operario detrás dos camións formigoneira durante o retroceso.

A manobra de vertedura será dirixida por un capataz que vixiará non se realicen manobras inseguras.

Delimitaranse as zonas de actuación.

Sinalizaranse os itinerarios da maquinaria e dos operarios.

Os dispositivos de seguridade do equipo de bombeo, estarán sempre en perfectas condicións de funcionamento. Prohíbese a súa modificación ou manipulación.

As bombas para formigón a utilizar na obra pasarían unha revisión anual nos talleres indicados polo fabricante, demostrándose o feito ante a Dirección Facultativa.

A bomba de formigonado, só poderá utilizarse para bombeo de formigón segundo o "cono" recomendado polo fabricante en función da distancia de transporte.

O Vixilante de Seguridade, antes de iniciar o bombeo do formigón, comprobará que as rodas da bomba están bloqueadas mediante calzos e os gatos estabilizadores en posición co encravamento mecánico ou hidráulico instalado.

Antes do inicio do formigonado establecerase un camiño seguro, para os operarios que gobernan a vertedura coa mangueira.

Antes de iniciar a subministración asegurarse de que todos os acoplamentos de panca teñen en posición de inmobilización os seus pasadores.

Antes de verter o formigón na moega asegurarse de que está instalada a grella.

Non tocar nunca directamente coas mans a moega ou o tubo oscilante se a máquina está en marcha.

Se hai que efectuar traballos na moega ou no tubo oscilante, primeiro parar o motor de accionamento, purgar a presión do acumulador a través da billa, logo efectuar a tarefa que se requira.

Non traballar co equipo de bombeo en posición de avaría ou de semiavaría. Deter o servizo, para a máquina.

Se o motor é eléctrico: antes de abrir o cadro xeral de mando, asegurarse da súa total desconexión; non intentar modificar ou pontear os mecanismos de protección eléctrica.

Comprobar diariamente, antes do inicio da subministración, o estado de desgaste interno da canalización de transporte mediante un medidor de espesores. Non medir o bo estado da canalización mediante golpeo. Non medir a canalización baixo presión.

Se hai que bombear a gran distancia, antes de subministrar o formigón, probar os condutos baixo presión de seguridade.

Respectar o texto de aviso de todas as placas instaladas na máquina.

8.5 Maquinaria de elevación

- *Camión grúa*

Sempre se colocarán calzos inmovilizadores nas catro rodas e nos gatos estabilizadores, antes de iniciar as manobras de carga que, como as de descarga, serán sempre dirixidas por un especialista.

Todos os ganchos de colgue, aparellos, balancíns e eslingas ou estribos disporán sempre de ferrollos de seguridade

Vixiarase especificamente que non se supera a carga máxima admisible fixada polo fabricante do camión.

O gruísta terá sempre á vista a carga suspendida e, se iso non fose posible nalgunha ocasión, todas as súas manobras estarán dirixidas por un sinalista experto.

Estará terminantemente prohibido realizar arrastres da carga ou tiróns nesgados desta.

O camión grúa nunca deberá estacionar ou circular a distancias inferiores aos dous metros do bordo de escavacións ou de cortes do terreo.

Prohibirase a permanencia de persoas arredor do camión grúa a distancias inferiores a 5 metros deste, así como a permanencia baixo cargas en suspensión.

O condutor terá prohibido dar marcha atrás sen a presenza e axuda dun sinalista, así como abandonar o camión cunha carga suspendida.

Non se permitirá que persoa algunha allea ao operador acceda á cabina do camión ou manexe os seus mandos.

Nas operacións con camión grúa utilizarase casco de seguridade (cando o operador abandone a cabina), luvas de coiro e calzado antiesvarante.

- *Grúa autopropulsada*

Acoutarase a área de influencia da grúa e colocaranse sinais "risco de caída de obxectos" e "maquinaria pesada en movemento".

Na proximidade a liñas eléctrica de menos de 66 kV a mínima distancia a tendido será de 3 m; en caso de liñas de máis de 66 kV, esta distancia será superior a 5 m.

En proximidade dalgún centro emisor e para evitar os efectos da corrente estática ao estrobador, disporase dunha eslinga de banda téxtil, de resistencia abonda entre o gancho da grúa e os aparellos ou a peza a izar.

Durante os traballos de elevación, a grúa deberá estar asentada sobre terreo horizontal cos gatos estendidos e debidamente calzados, ata conseguir a perfecta solidez do terreo.

A grúa asentarase afastada dos cortes de escavación e bordos de noiro do terreo.

Para evitar esmagamento de persoas, deberase gardar un mínimo de 0,60 m entre as partes máis saíntes do conxunto da máquina – carga e o paramento vertical máis próximo. Se isto non é posible, impedirase o paso de persoas con balizamento e sinal de "prohibido o paso a peóns".

Nas grúas sobre pneumáticos, mesmo con estabilizadores, é perigoso manipular cargas pola parte frontal. Se é imprescindible, deben consultarse as instrucións do fabricante acerca da carga máxima e as demais precaucións a observar.

Durante os traballos de xiro da pluma, o gruísta debe vixiar a traxectoria co fin de evitar colisións con calquera elemento. En especial, o contacto con liñas eléctricas aéreas. Se por descoido se producise este accidente, o maquinista non abandonará a cabina e de ter que facelo, farao dun salto a terra.

O operador deberá estar situado de forma que vexa a carga ao longo de toda a súa traxectoria, de non ser así, deberá haber un sinalista.

O operador coidará de non sobrevoar a carga por enriba de persoas.

Durante os traballos non deberá permanecer persoa ningunha no radio de acción das máquinas. Así mesmo, débense colocar carteis adhesivos no bastidor co fin de advertir ás persoas destes riscos.

As grúas non son máquinas de transporte; non debe desprazarse nunca a grúa con carga na súa pluma, é causa probable de xiro e graves accidentes.

Non se utilizará a grúa para o transporte de persoas. O traballo esporádico sobre "cesta" unicamente se poderá efectuar cando o traballador dispoña de cinto anticaídas e un segundo cable fiador independente do correspondente ao gancho da grúa.

Nunca se efectuarán tiros nesgados, arrastre de cargas, nin se intentarán arrancar cargas que permanezan suxeitas.

Non se realizarán paradas dos movementos de xiro e translación con contramarcha.

Non se poderán bloquear con cuñas, ligaduras, etc., os contadores de manobra, nin tampouco poderán accionarse coa man.

Suspenderanse as tarefas de izado se se rexistran ventos superiores a 50 km/h.

En todo momento deberá haber no tambor de enrolamento, polo menos dúas voltas de cable.

O maquinista non debe abandonar a cabina se ten unha carga suspendida.

Se a máquina se mollou por calquera causa, débese facer funcionar os freos en baleiro varias veces para evaporar a humidade, antes de manipular unha carga.

É necesario elixir a grúa axeitada á carga, así como estudar detidamente o diagrama carga-distancia dado polo fabricante, non superando en ningún caso o que nel estea indicado.

A carga máxima admisible deberá figurar en lugar visible da máquina.

Estas máquinas necesitan operadores moi instruídos e habituados ao seu uso, debendo estar dotado dos medios de seguridade axeitados, en particular: casco, calzado de seguridade e luvas.

As revisións e reparacións efectuaranse sempre coa máquina parada e con todos os contactos e pupitres de mando perfectamente encravados ou con sinalización, advertindo da operación.

Os elementos da grúa hidráulica telescópica autopropulsada estarán construídos e montados cos factores de seguridade seguintes, para a súa carga máxima nominal: - Ganchos accionados con forza motora: 4 - Elementos de izado de materiais perigosos: 5 - Elementos estruturais: 4 - Cables elevadores: 6 - Mecanismos e eixes de izar: 8 - Cadeas de izado: 5

A cabina do operador disporá de perfecta visión frontal e lateral, estando dotada permanentemente de cristais irrompibles para protexerse da caída de materiais.

A plataforma será de material antiesvarante.

Os aneis, ganchos, elos ou argolas das cadeas serán do mesmo material que estas últimas.

Serán rexeitadas as cadeas que presenten:

- ✓ Redución dun 5% do diámetro por efectos do desgaste nos elos.
- ✓ Elos dobrados, esmagados, estirados ou abertos.
- ✓ Existencia de nós.
- ✓ As gazas, lazos para ganchos, aneis e argolas, estarán provistos de gardacabos resistentes e a unión de cables será, preferentemente, mediante cascos prensadas.
- ✓ O diámetro dos tambores de izar non será inferior a 30 veces o do cable ou 300 veces o diámetro do arame maior.

Rexeitaranse os cables de izados polas seguintes causas: rotura do cordón; redución anormal e localizada do diámetro; existencia de nós, cando a diminución do diámetro do cable é un punto calquera alcance o 10% para os cables de cordóns ou o 3% para os cables pechados; cando o número de arames rotos visibles alcance o 20% do número total de fíos do cable nunha lonxitude igual a dúas veces o paso do cableado; cando a diminución da sección dun cordón, medida nun paso cablear, alcanza o 40% da sección total do cordón.

Os ganchos dos aparellos de izar serán de aceiro ou ferro forxado.

Os ganchos estarán equipados con ferrollos de seguridade.

Rexeitaranse os ganchos polas seguintes causas: gancho aberto ou dobrado; gancho con asadeiro ou reforzos soldados con posterioridade ao tratamento térmico do gancho; ausencia de ferrollo de seguridade ou deterioración deste; greta ou fisura no corpo do gancho.

Ao finalizar a xornada sinalizarase e balizará a posición da máquina, poranse calzos nas rodas e trabaranse as partes móbiles cos encravamentos axeitados. As chaves serán custodiadas polo operador da grúa.

A revisión xeral da grúa autopropulsada e o seu mantemento, deben seguir as instrucións marcadas polo fabricante, sempre coa máquina parada e desconectada.

Diariamente comprobaranse os niveis e estanquidade de xuntas e manguitos, así como a presión dos pneumáticos e o seu estado.

Antes de iniciar o traballo realizarase unha revisión coidadosa dos cables, cadeas e ganchos. - Comprobación periódica do estado dos limitadores de carga.

Engraxe periódico do cable e substitución cando a estado aconsélleo.

Enrolado correcto das espiras no tambor de recollida do cable e correcta

8.6 Outros

- *Camión cuba de auga*

O persoal encargado do manexo do vehículo estará en posesión do carné requirido para a condución da máquina.

Antes de comezar os traballos comprobarase a presión dos pneumáticos, os freos, as luces e o avisador acústico.

Polas características da carga, extremaranse as precaucións de estabilidade nos desprazamentos.

A cuba leva un dispositivo de corte de rego, empregarase no cruzamento con outros vehículos.

Cando se circule por vías públicas cumprirase a normativa do Código de Circulación vixente.

Respectaranse as circulacións internas da obra, así como as zonas de carga e descarga previstas.

O ascenso e descenso da cuba efectuaranse mediante escadas metálicas fabricadas para tal fin, dotadas de ganchos de inmobilización e seguridade.

Os camións estarán dotados dun extintor, timbrado e coas revisións ao día, así como de luces, espellos retrovisores e bucina de retroceso.

- *Compresor*

O compresor situarase en lugares definidos para iso.

As operacións de carga e descarga serán dirixidas por persoal responsable. Se o descenso se realiza sobre rampla inclinada, utilizarase un tráctel tensor de afianzamento.

O transporte en suspensión efectuarase mediante un eslingado a catro puntos, que parte dunha argola de izado.

O compresor debe estar estacionado en posición horizontal, incluíndo a lanza de remolque. As rodas serán suxeitas mediante tacos antiesvarantes.

As carcasas protectoras estarán sempre pechadas.

Acordoarase unha área de 4 metros de radio entorno ao compresor, no que será obrigatorio o uso de protectores auditivos. Instalarase unha sinal de obriga de emprego de protectores auditivos.

Instalarase o máis afastado posible da zona de traballo (un mínimo de 15 metros), para evitar sempre que sexa posible o impacto sonoro.

Para evitar golpes coa manivela de arranque, será necesario: agarrar a manivela con todos os dedos do mesmo lado, dar o tirón de abaixo cara a arriba, realizar o esforzo coas dúas pernas.

As operacións de enchedura de combustible faranse co motor parado.

Disporase dun extintor de incendios nas inmediacións.

Comprobaranse periodicamente as mangueiras e conexións, desbotando inmediatamente aquelas que se atopen en mal estado.

As mangueiras de presión manteranse elevadas nos cruzamentos con viais.

As unións de conexión irán suxeitos con abrazadeiras aparafusadas; prohíbese fixala con arames.

Porase coidado á hora de manexar a batería, xa que poden producirse salpicaduras do ácido que contén.

Todas as operacións de mantemento e reparación faranse cando a máquina non estea en funcionamento.

Realizaranse todas as revisións indicadas nas normas de mantemento establecidas polo fabricante.

Comprobarase que o calderín dispón da placa de retimbrado expedida polo Ministerior de Industria ou organismo autónomo competente, con data non superior aos cinco últimos anos.

Terase coidado en non deixar ferramentas nin cables soltos no interior da máquina.

Cando o capó estea levantado, afianzarase axeitadamente, para evitar a súa posible caída.

Porase atención na colocación do bulón, para evitar lesións nas mans.

En caso de utilizar o compresor en locais pechados, estes disporán dunha boa ventilación.

- *Grupo electróxeno*

O grupo ou grupos electróxenos que se utilicen irán dotados dun interruptor diferencial de 300 mA de sensibilidade completado coa posta a terra da instalación e parada de emerxencia do grupo.

O grupo debe quedar estacionado en posición horizontal.

As carcasas protectoras estarán sempre pechadas.

As operacións de enchedura de combustible faranse sempre co motor parado.

Non deberán funcionar coas tapas dos bornes descubertas.

As tomas de corrente serán de tipo industrial e axeitadas para o uso á intemperie.

- *Serra circular*

O disco estará dotado de carcasa protectora e resgardos que impidan as collidas polos órganos móbiles.

Controlarase o estado dos dentes do disco, así como a estrutura deste.

A zona de traballo estará limpa de serraduras e labras, para evitar incendios.

As máquinas de serra circular estarán dotadas dos seguintes elementos de protección:

- ✓ Carcasa de cubrición do disco
- ✓ Coitelo divisor do corte
- ✓ Empuxador da peza a cortar e guía
- ✓ Carcasa de protección das transmisións por poleas
- ✓ Interruptor estanco
- ✓ Toma de terra

Prohíbese deixar as mesas de serra suspendidas do gancho da grúa durante os períodos de inactividade.

O mantemento das mesas de serra será realizado por persoal especializado.

A alimentación eléctrica das serras de disco realizarase mediante mangueiras antihumidade, dotadas de caravillas estancas a través do cadro eléctrico de distribución.

Non se situará a serra sobre lugares encharcados.

Os arredores manteranse limpos de produtos procedentes dos cortes.

Antes de poñer a máquina en servizo comprobarase que non está anulada a conexión a terra e que o interruptor eléctrico é estanco.

Utilizarase un empuxador para manexar o material a cortar.

Non se retirará a protección do disco de corte.

Se a máquina se detén sen motivo aparente, o traballador retirarase dela e avisará para que sexa reparada. Non intentará realizar nin axustes nin reparacións.

Comprobarase periodicamente o estado do disco, substituíndo os que estean fisurados ou carezan dalgún dente.

Para evitar danos nos ollos empregaranse uns lentes de seguridade antiproxección de partículas.

Evitarase a presenza de cravos ao cortar. Extraeranse previamente todos os cravos ou partes metálicas fincadas na madeira que desexe cortar. Pode fracturarse o disco ou saír despedida a madeira de forma descontrolada, provocando accidentes serios.

No corte de pezas cerámicas a xeración de po é un risco para a saúde.

A ser posible traballarase á intemperie, a sotavento e protexido cunha máscara. Mollando o material xérase menos po.

Disporase dun extintor manual de po químico xunto ao posto de traballo.

- *Martelo pneumático*

Estas máquinas só serán manexadas por persoal autorizado e especialmente formado no seu manexo.

Acordoarase ou pecharase a zona baixo os tallos de martelos, en prevención de danos aos traballadores que puidesen entrar na zona de risco de caída de obxectos.

A circulación de viandantes nas proximidades do tallo dos martelos, canalizarase polo lugar máis afastado posible.

Non se utilizarán martelos pneumáticos nas escavacións en presenza de liñas eléctricas enterradas a partir de ser atopada a "banda" ou "sinalización de aviso" (uns 80 cm por enriba da liña).

No acceso ao tallo de martelos pneumáticos sinalizarase o uso obrigatorio de protección auditiva, lentes antiproxeccións e máscaras antipo.

Efectuarase unha rotación dos traballadores que manexen martelos pneumáticos, cada hora.

Non se apoiará a carranchapernas sobre a culata de apoio do martelo.

Non deixará o martelo fincado no chan, parede ou rocha.

Antes de accionar o martelo asegurarse que está perfectamente amarrado o punteiro.

Non abandonar nunca o martelo, conectado ao circuíto de presión.

Comprobar que as conexións da mangueira están en perfecto estado.

- *Máquina de pintado*

Estas máquinas só serán manexadas por persoal autorizado e especialmente formado no seu manexo.

O operador permanecerá no seu posto de traballo, sen abandonar este ata que a máquina estea parada.

Non se permitirá a permanencia sobre a máquina en marcha a outra persoa que non sexa a súa condutora.

As manobras da máquina estarán dirixidas por operarios especializados.

Protexerase e sinalarase axeitadamente.

Sobre a máquina nos lugares de risco específico colocaranse sinais de advertencia de perigo por substancias quentes e de non tocar por altas temperaturas.

As reparacións e operacións de mantemento faranse con maquínaa parada.

Os recipientes de pintura e disolventes almacenaranse en lugar ventilado e afastados de calquera fonte de calor.

Prohibirase fumar ou acender lume nas proximidades do almacén de pinturas e disolventes, así como durante as tarefas de pintado.

- *Amoladora radial portátil*

O disco protexerase mediante carcasa.

Elixirase o disco axeitado para o traballo a realizar e evitarase o seu quecemento.

Non se apurará a vida do disco, cambiándoo cando estea desgastado. A operación de cambio de disco realizarase coa máquina desconectada da rede eléctrica.

Antes de empezar os traballos comprobarase o estado do disco e se estivese gastado ou fendido procederase á súa substitución.

Ao cortar non se deberá premer excesivamente o disco e menos en sentido oblicuo ou lateral.

Antes de poñer a máquina en servizo, comprobarase que está conectada a posta a terra, asociada a un interruptor diferencial de 300 miliamperios.

A alimentación eléctrica realizarase mediante mangueiras antihumidade, dotadas de caravillas estancas a través do cadro eléctrico de distribución.

Está prohibido situar a cortadora en sitios encharcados.

- *Trade portátil*

Prohibirase terminantemente depositar o trade portátil no chan ou deixalo abandonado estando conectado á rede eléctrica. Os trades só serán reparados por persoal especializado, estando prohibido desarmalos no tallo.

Os traballadores utilizarán preceptivamente casco e calzado de seguridade, lentes antiproxeccións e luvas de coiro

- *Máquinas – ferramentas*

As máquinas-ferramentas eléctricas estarán protexidas electricamente mediante dobre illamento.

Os motores eléctricos das máquinas-ferramentas estarán protexidos pola carcasa e resgardos propios de cada aparato, para evitar os riscos de atrapamentos ou de contacto coa enerxía eléctrica.

As transmisións motoras por correas estarán sempre protexidas mediante bastidor que soporte unha malla metálica, disposta de tal forma que, permitindo a observación da correcta transmisión motora, impida o atrapamento dos operarios ou dos obxectos.

As máquinas en situación de avaría ou de semiavería entregaranse para a súa reparación.

As máquinas-ferramentas con capacidade de corte, terán o disco protexido mediante unha carcasa antiproxeccions.

As máquinas-ferramentas non protexidas electricamente mediante o sistema de dobre illamento, terán as súas carcasas de protección de motores eléctricos, etc., conectadas á rede de terras en combinación cos disxuntores diferenciais do cadro eléctrico xeral da obra.

En ambientes húmidos a alimentación para as máquinas-ferramentas non protexidas con dobre illamento, realizarase mediante conexión a transformadores a 24 V.

Prohíbese o uso de máquinas-ferramentas ao persoal non autorizado para evitar accidentes por impericia.

Prohíbese a anulación de toma de terra das máquinas ferramentas se non están dotadas de dobre illamento.

Prohíbese deixar as ferramentas eléctricas de corte ou trade, abandonadas no chan, ou en marcha aínda que sexa con movemento residual.

8.7 Medios auxiliares

- *Estadas en xeral e plataformas de traballo*

As estadas sempre se arriostrarán para evitar os movementos indesexables que poden facer perder o equilibrio aos traballadores.

Antes de subir a unha plataforma estadada deberá revisarse toda a súa estrutura para evitar as situacións inestables.

Os tramos verticais (módulos ou pés dereitos) das estadas, apoiaranse sobre taboleiros de repartición de cargas.

Os pés dereitos das estadas nas zonas de terreo inclinado, suplementaranse mediante tacos ou porcións de taboleiro, trabadas entre si e recibidas ao durminte de repartición.

As plataformas de traballo terán un mínimo de 60 cm de anchura e estarán firmemente ancoradas aos apoios de tal forma que se eviten os movementos por esvaramento ou xiro.

As plataformas de traballo, independentemente da altura, posuirán varandas perimetrais completas de 90 cm de altura, formadas por pasamáns, barra ou listón intermedio e rodapés.

As plataformas de traballo permitirán a circulación e intercomunicación necesaria para a realización dos traballos.

Os taboleiros que formen as plataformas de traballo estarán sen defectos visibles, con bo aspecto e sen nós que diminúan a súa resistencia. Estarán limpos, de tal forma, que poidan apreciarse os defectos por uso e o seu canto será de 5 cm como mínimo

Prohíbese abandonar nas plataformas das estadas materiais ou ferramentas. Poden caer sobre as persoas ou facerlles tropezar e caer ao camiñar sobre elas.

Prohíbese botar entullos directamente dende as estadas. O entullo recollerase e descargarase de planta en planta, ou ben verterase a través de trompas.

Prohíbese fabricar morteiros (ou similares) directamente sobre as plataformas das estadas.

A distancia de separación entre unha estada e o paramento vertical de traballo non será superior a 30 cm en prevención de caídas.

Prohíbese correr polas plataformas.

Prohíbese saltar da plataforma estadada ao interior do edificio; o paso realizarase mediante unha pasarela instalada para tal efecto.

As estadas inspeccionaranse diariamente antes do inicio dos traballos para previr fallos das medidas de seguridade.

Os elementos que mostren algún fallo ou mal comportamento desmontaranse de inmediato para a súa reparación ou substitución.

Os recoñecementos médicos previos para a admisión do persoal que deba traballar sobre as estadas intentarán detectar aqueles trastornos orgánicos (vertixe, epilepsia, problemas cardíacos, etc.) que poidan favorecer accidentes dos traballadores.

- *Escadas de man*

a) De aplicación ao uso de escaleiras de madeira

- ✓ As escaleiras de madeira terán os longueiros dunha soa peza, sen defectos nin nós que poidan minguar a súa seguridade.
- ✓ As travesas de madeira estarán ensambladas.
- ✓ As escaleiras de madeira estarán protexidas da intemperie mediante vernices transparentes, para que non oculten os posibles defectos.

b) De aplicación ao uso de escaleiras metálicas

- ✓ Os longueiros serán dunha soa peza e carecerán de deformacións ou aboladuras que poidan minguar a súa seguridade.
- ✓ As escaleiras metálicas estarán pintadas con pintura antioxidación que as preserven das agresións da intemperie ou serán de material inoxidable.
- ✓ As escaleiras metálicas non estarán suplementadas con unións soldadas.

c) De aplicación ao uso de escaleiras de tesoira

- ✓ Son de aplicación as condicións enunciadas nos apartados a) e b) segundo cal sexa o material do que estean fabricadas.
- ✓ As escaleiras de tesoira estarán dotadas, na súa articulación superior, de topes de seguridade de apertura.
- ✓ As escaleiras de tesoira estarán dotadas, cara á metade da súa altura, de cadeiña de limitación de apertura máxima.
- ✓ As escaleiras de tesoira utilizaranse sempre como tales, abrindo ambos os dous longueiros para non minguar a súa seguridade.
- ✓ As escaleiras de tesoira montaranse cos longueiros en posición de máxima apertura par non minguar a súa seguridade.
- ✓ As escaleiras de tesoira nunca se utilizarán a xeito de borriquetas para sustentar as plataformas de traballo.

- ✓ As escaleiras de tesoira non se utilizarán cando a posición para realizar un traballo obrigue a situar os pés nos tres últimos chanzos.
- ✓ As escaleiras de tesoira utilizaranse montadas sempre sobre pavimentos horizontais.

d) Para o uso xeral de escaleiras de man, independentemente dos materiais de que estean feitas

- ✓ Prohíbese a utilización de escaleiras de man para salvar alturas superiores a 5 m.
- ✓ As escaleiras de man estarán dotadas no seu extremo inferior de zapatas antiesvarantes de seguridade.
- ✓ As escaleiras de man estarán firmemente amarradas no seu extremo superior ao obxecto ou estrutura ao que dan acceso.
- ✓ As escaleiras de man superarán en 1 m a altura a salvar.
- ✓ As escaleiras de man instalaranse de tal forma que o seu apoio inferior diste da proxección vertical do superior 1/4 da lonxitude do longueiro entre apoios.
- ✓ Prohíbese transportar pesos a man iguais ou superiores a 25 Kg sobre as escaleiras de man.
- ✓ Prohíbese apoiar a base das escaleiras de man sobre lugares ou obxectos pouco firmes que poden minguar a súa estabilidade.
- ✓ Prohíbese a utilización ao mesmo tempo da escaleira por dúas ou máis persoas.
- ✓ O ascenso e descenso e o traballo sobre as escaleiras de man efectuarase frontalmente, é dicir, mirando cara aos chanzos que se están a utilizar.

- o *Puntais*

Os puntais abastaranse ordenadamente por capas horizontais de direccións cruzadas alternativas dun único puntal en altura e fondo que desexe.

A estabilidade dos abastos de puntais asegurarase mediante finca de pés dereitos de limitación lateral.

Prohíbese o amontoamento irregular dos puntais tras o desencofrado.

Os puntais izaranse en paquetes uniformes sobre bateas e flexados para evitar derramo.

Os puntais izaranse en paquetes flexados polos dous extremos; o conxunto suspenderase mediante aparello de eslingas do gancho da grúa.

Prohíbese a carga a ombro de máis de dous puntais por un só home en prevención de sobreesforzos.

Os puntais de tipo telescópico transportaranse a brazo ou ombro cos pasadores e mordazas instalados de modo que non permitan a súa extensión ou retracción.

Os taboleiros durmintes de apoio dos puntais que deban traballar inclinados con respecto á vertical acuñaranse. Os puntais sempre se apoiarán de forma perpendicular á cara do taboleiro.

Os puntais cravaranse ao durminte e á sopanda para conseguir unha maior estabilidade.

A repartición da carga sobre as superficies apuntaladas realizarase uniformemente repartido. Prohíbense as sobrecargas puntuais.

Os puntais terán a lonxitude axeitada para a misión a realizar.

Estarán en perfectas condicións de mantemento (ausencia de óxido, pintados, con todos os seus compoñentes, etc.).

Os parafusos sen fin teranos engraxados en prevención de esforzos innecesarios.

Carecerán de deformacións no fuste (aboladuras ou torcementos).

Estarán dotados nos seus extremos das placas para apoio e clavazón.

9. PREVISIÓN DE RISCOS NAS FUTURAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN

Baixo este epígrafe agrúpanse aquelas medidas preventivas encamiñadas a reducir e controlar os riscos que poidan aparecer na execución dos traballos posteriores a executar no ámbito da obra. Así mesmo, será necesario incluír no estudo a obriga de recoller, coa finalización das obras, toda aquela información que poida resultar necesaria para o correcto desenvolvemento dos citados traballos posteriores.

Con iso deberán facilitarse tanto os futuros labores de conservación, mantemento e reparación dos elementos constituíntes da obra, como, chegado o caso, futuras modificacións na obra primitiva. Con todo iso dase cumprimento ao recollido no artigo 5.6 do real decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

Contémplanse a continuación algunhas previsións a ter en conta na execución das diferentes unidades de obra de cara aos traballos posteriores a realizar.

9.1 Obras de fábrica

Nas obras de fábrica será necesario garantir a actuación dos equipos de conservación e mantemento, para iso comprobarase que a sección ofrece unha xeometría axeitada e garantirase a circulación e estacionamento dos vehículos necesarios para as citadas operacións de conservación e mantemento.

9.2 Elementos de sinalización

Deberanse prever os futuros labores de renovación de elementos de sinalización de forma que os devanditos labores se poidan realizar de acordo coa normativa vixente.

10. MEDIDAS PREVENTIVAS A DISPOÑER EN OBRA

10.1 Medidas xerais

Ao obxecto de asegurar o axeitado nivel de seguridade laboral no ámbito da obra, son necesarias unha serie de medidas xerais a dispoñer nesta, non sendo estas susceptibles de asociarse inequivocamente a ningunha actividade ou maquinaria concreta, senón ao conxunto da obra. Estas medidas xerais serán definidas concretamente e co detalle suficiente no plan de seguridade e saúde da obra.

10.1.1. Medidas de carácter organizativo

- o Formación e información

En cumpro do deber de protección, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador. Na súa aplicación, todos os operarios recibirán, ao ingresar na obra ou con anterioridade, unha exposición detallada dos métodos de traballo e os riscos que puidesen entrañar, xuntamente coas medidas de prevención e protección que deberán empregar. Os traballadores serán amplamente informados das medidas de seguridade persoais e colectivas que deben establecerse no tallo ao que están adscritos, repetíndose esta información cada vez que se cambie de tallo.

O contratista facilitará unha copia do plan de seguridade e saúde a todas as subcontratas e traballadores autónomos integrantes da obra, así como aos representantes dos traballadores.

10.2 Servizos de prevención e organización da seguridade e saúde na obra.

A empresa construtora vén obrigada a dispoñer dunha *organización especializada de prevención de riscos laborais,* de acordo co establecido no Real Decreto 39/1997, citado: cando posúa un equipo superior aos 250 traballadores, con Servizo de Prevención propio, mancomunado ou alleo contratado para tales efectos, en

calquera caso debidamente acreditado ante a Autoridade laboral competente ou, en supostos de menores equipos, mediante a designación dun ou varios traballadores, axeitadamente formados e acreditados a nivel básico, segundo se establece no mencionado Real Decreto 39/1997.

A empresa contratista encomendará á súa organización de prevención a vixilancia de cumprimento das obrigas preventivas desta, plasmadas no *plan de seguridade e saúde da obra, así como* a asistencia e asesoramento ao Xefe de obra en cantas cuestións de seguridade se formulen ao longo da duración da obra.

Polo menos un dos traballadores destinados na obra posuirá formación e adestramento específico en primeiros auxilios a accidentados, coa obriga de atender á devandita función en todos aqueles casos en que se produza un accidente con efectos persoais ou danos ou lesións, por pequenos que estes sexan.

Todos os traballadores destinados na obra posuirán xustificantes de pasar recoñecementos médicos preventivos e de capacidade para o traballo a desenvolver, durante os últimos doce meses, realizados no departamento de Medicina do Traballo dun Servizo de Prevención acreditado.

O plan de seguridade e saúde establecerá as condicións en que se realizará a información aos traballadores, relativa aos riscos previsibles na obra, así como as accións formativas pertinentes.

10.3 Modelo de organización da seguridade na obra

Ao obxecto de lograr que o conxunto das empresas concorrentes na obra posúan a información necesaria acerca da súa organización en materia de seguridade nesta obra, así como o procedemento para asegurar o cumprimento do plan de seguridade e saúde da obra por parte de todos os seus traballadores, dito plan de seguridade e saúde considerará a obriga de que cada subcontrata designe antes de comezar a traballar na obra, polo menos:

- *Técnicos de prevención* designados pola súa empresa para a obra, que deberán planificar as medidas preventivas, formar e informar os seus traballadores, investigar os accidentes e incidentes, etc.

- *Traballadores responsables* de manter actualizado e completo o arquivo de seguridade e saúde da súa empresa en obra.

- *Vixilantes de seguridade e saúde,* coa función de vixiar o cumprimento do plan de seguridade e saúde por parte dos seus traballadores e dos dos seus subcontratistas, así como daqueles que, aínda non sendo das súas empresas, poidan xerar risco para os seus traballadores.

10.3.1. Medidas de carácter dotacional

- Servizo médico

A empresa contratista disporá dun Servizo de vixilancia da saúde dos traballadores segundo o disposto na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Todos os operarios que empecen traballar na obra deberán pasar un recoñecemento médico xeral previo nun prazo inferior a un ano. Os traballadores que han de estar ocupados en traballos que esixan calidades fisiolóxicas ou psicolóxicas determinadas deberán pasar recoñecementos médicos específicos para a comprobación e certificación de idoneidade para tales traballos, entre os que se atopan os de gruístas, condutores, operadores de máquinas pesadas, traballos en altura, etc.

- Botica de primeiros auxilios de obra

A obra disporá de material de primeiros auxilios en lugar debidamente sinalizado e de axeitado acceso e estado de conservación, o contido da cal será revisado semanalmente, repoñéndose os elementos necesarios.

Como mínimo ha de dispoñer de:

- ✓ Un frasco de auga osixenada
- ✓ Un frasco de alcohol 96º
- ✓ Un frasco de tintura de iodo
- ✓ Un frasco de mercurocromo
- ✓ Un frasco de amoníaco
- ✓ Un paquete de gasas esterilizadas
- ✓ Un paquete de algodón hidrófilo
- ✓ Un rolo de esparadrapo
- ✓ Un paquete de tiritas
- ✓ Un torniquete
- ✓ Unha bolsa para auga ou xeo
- ✓ Luvas esterilizadas
- ✓ Un termómetro clínico
- ✓ Antiespasmódicos
- ✓ Analxésicos
- ✓ Tónicos cardíacos de urxencia
- ✓ Xiringas desbotables
- ✓ Tesoiras

- Instalacións de hixiene e benestar

